



CICLO SUSTENTABILIDADE E CIRCULARIDADE DOS MATERIAIS

Workshop presencial e online TRANSFORMACIÓN DE MATERIAIS PARA A ECONOMÍA CIRCULAR

Xoves, 16 de xuño de 2022. De 10:00 a 14:00 h.
CIS Tecnoloxía e Deseño, Ferrol



MATERIOTECA DE GALICIA

A transformación é un proceso que se pode afrontar de formas moi diversas á hora de desenvolver un novo material. Desde a perspectiva da circularidade, debe enfocarse na recuperación de recursos refugados e a redución do uso de materias primas e do consumo enerxético.

Este workshop, organizado pola Axencia Galega de Innovación a través da Materioteca de Galicia, abordará os procesos de transformación dos materiais atendendo a estas dúas vertentes: o rescate de materias primas procedentes de materiais refugados e a optimización do uso de materias primas escasas e do consumo de enerxía necesaria para producir novos materiais de forma máis sustentable.

A xornada está orientada a profesionais do deseño, da enxeñería e da construción con interese pola aplicación de novos materiais en procesos innovadores. A primeira parte centrarase na presentación de dous casos prácticos relacionados coa industria en xeral e coa construción, a través da empresa Lavelle Europe e da Asociación de Recicladores de Construción e Demolición.

A segunda parte, de carácter exclusivamente presencial, terá formato práctico e interactivo a cargo da empresa Materially. Durante este taller presentarase un estudo estratéxico con exemplos de materiais a nivel internacional cuxa sustentabilidade e adaptación aos criterios da economía circular foi mellorada a través dos procesos de transformación. Os asistentes poderán manexar e valorar diversas mostras seleccionadas e participar en dinámicas de traballo grupal para propoñer ideas de aplicacións alternativas nas que se poidan utilizar os materiais obxecto de análise.

10.00 - 10.10 h	Presentación do workshop María José Mariño. Axencia Galega de Innovación
10.10 - 10.30 h	Alternativas para o desenvolvemento de <i>composites</i> máis sustentables Pablo Iglesias. Lavelle Europe
10.30 - 11.00 h	Tratamento de residuos de construción para a súa reutilización Benito García. Asociación de Recicladores de Construción e Demolición (Arcodega)
11.00 - 11.30 h	Pausa-café
11.30 - 13.50 h	Taller de presentación de materiais (só presencial) Unai Etxebarria e Iker Agirre. Materially
13.50 - 14.00 h	Peché da xornada
14.00 - 15.00 h	Aperitivo - <i>networking</i>